

XOVES 14 DE AGOSTO

► **CELEBRACIÓN DE SAN ROQUÍÑO O PEQUENO**

Lugar: Barrio de San Roque

Pola mañá: Dianas e alboradas cos Terribles de Arousa e concerto da Banda Cultural de Vilanova.

► **O CLUB DOS SUPERROQUIÑOS**

Horario: De 10:30 a 13:30 h.

Lugar: Parque Miguel Hernández

► **DE QUE COR CHE PINTA O DÍA?**

Horario: De 10:30 a 13:30 h.

Lugar: Parque Miguel Hernández

► **PREGÓN DAS FESTAS DE
SAN ROQUE '08:
CARLOS BLANCO**

Horario: 21:00 h.

Lugar: Casa do Concello

Info: O actor vilagarcían Carlos Blanco será o encargado de dar o disparo de saída ás festas de San Roque dende o balcón da Casa Consistorial. A continuación haberá animación de rúa.



► **CONCERTO: GOGOL BORDELLO + LAMATUMBÁ
+ FESTICULTORES**

Horario: 22:00 h.

Lugar: Recinto Exterior de Fexdega

Prezo: Entrada: 12 euros (anticipada) / 15 euros (taquilla)

Entradas á venda en www.caixanova.es, a través do tfno 902 504 500, ou en Discos Froiz (Vilagarcía)



Info:

GOGOL BORDELLO:

Das catacumbas do underground neoiorquino, do que foron unha das súas grandes atraccións nos últimos anos, á portada das máis populares revistas de tendencias. Das actuacións en clubs minúsculos a gozar do status de celebridade de moda e artista do momento. Este é o camiño cheo de xiros inesperados e meandros imposibles que percorreu Eugene Hutz, un ucraniano de orixe xitana que abandonou a súa Kiev natal xunto á súa familia nos días posteriores ao desastre nuclear de Chernobyl e que pasou sete anos nun campo de refuxiados antes de atopar porto de acollida en Nova Iork.

Na Gran Mazá acabou compartindo a súa afección polo punk-rock con rusos, israelís, serbios e compatriotas ucranianos ata formar un colorido circo que responde ao nome de Gogol Bordello e que respira ao ritmo que marca a música xitana da vertente ucraniana dos Cárpatos, o dub, o ska, os aires cinematográficos do spaghetti-western e, chegando o caso, ata a rumba ou a tradicional tarantella italiana.

Se o escoitas, convérteste en fan ipso facto, iso é o que lle ocorreu a unha das súas máis ilustres admiradoras, a mismísima Madonna, que caeu rendida os pes deste cingaro de gran mostacho e extravagantes vestimentas e escolleuno como protagonista do seu debut como directora de cine titulado "Filth and wisdom".

Ten actuado nos mellores festivais do mundo (Reeding, Glastonbury, Alive Lisboa...). O pasado ano a prestixiosa revista Rolling Stone cualificou o directo de Gogol Bordello coma un dos 20 mellores directos do mundo.

A de Vilagarcía será unha das tres únicas actuacións que fai en España e a única de Galicia.



LAMATUMBÁ:

Hai dez anos, en marzo de 1998, un grupo de amigos xuntaron as súas inxedanzas nunha bodega de Moreiras . Desta xuntanza naceu LAMATUMBÁ. Pronto comezaron a pasearse polos torreiros de Galicia ofrecendo unha mestura de ritmos de aquí e de alá que non deixaba que os pés quedaran no sitio. O mesmo caía unha cumbia que un reggae, un ska que un pasodobre, e todo mesturado cunha premisa fundamental: a festa e o poder denunciar cousas, pero sen perder o sorriso.

Hoxe Lamatumbá, é un dos principais expoñentes da música galega que leva polo mundo adiante a verbena do século XXI coa festa como única bandeira.

Señoras, señores, agarren parella que soltan á orquestra... Todo mundo a bailar!!!

FESTICULTORES:

Festicultores, os rumaníacos das grandes festas, os parrandeiros máis lexendarios das romarías nos últimos anos en Galicia, son os combatentes do EGFA, o Exército Gherrilleiro das Festas Armadas. Recrutando o peor de cada casa, os festeiros máis guerrilleiros do país toman as rúas e os escenarios, e fanse fortes cos seus ritmos balcánicos para dar batalla bailonga. Sen tregua. Festa a matar, ata a mañá, sempre!!!. Os Festicultores veñen con armas de festa masiva. Prepárense para a guerra da pachanga!

► **ACTUACIÓN DO GRUPO “FUME DE CAROSO”, DE CABRAL, EN ALBAROUSA**

Horario: 23:00 h.

Lugar: Praza da Peixería

VENRES 15 DE AGOSTO

► **CELEBRACIÓN DE SAN ROQUÍÑO O PEQUENO**

Lugar: Barrio de San Roque

Pola mañán: Dianas e alboradas cos Terribles de Arousa e a Banda de Música de Vilagarcía.

11:30 h. Misa solemne cun coro na capela de San Roque e posterior procesión.

11:30 h. Romería con degustación de empanada e viño.

► **TORNEO TRIANGULAR DE FÚTBOL SALA**

Horario: 20:00 h.

Lugar: Pavillón nº 1 do C.D.M. Fontecarmoa

Info: Torneo triangular de fútbol sala cos equipos de División de Honra de Fútbol Sala Autos Lobelle de Santiago, Azkar Lugo e o equipo local.

Organiza: Club Automoción La Junquera. Colabora Fundación de Deportes

► **PASACALLES**

Horario: 19:00 h.

Lugar: Rúas de Vilagarcía

Info: Grupos de gaiteros e de música tradicional, charangas e compañías de animación de rúa.

► **Animación de rúa: EN GALEGO, GALICIA E UNHA FESTA. "E LOGO!"**

Horario: 21:00 h.

Lugar: Praza de España

Info: Pasacalles circense composto por triciclos, malabaristas, zancudos, equilibristas, etc., acompañados de música en directo e reparto de merchandise.

► **Concerto: OLALLA BOUZAS**

Horario: 23:00 h.

Lugar: Escenario Alameda

Prezo: Entrada gratuíta

Info: Olalla Bouzas naceu en Vilaxoán hai 25 anos. O seu primeiro contacto coa música aconteceu aos 5 anos iniciándose no canto e a guitarra grazas á afección

de seu pai. Aos 16 anos pasou a formar parte como solista no grupo “Nova Embaixada” de Vilaxoán.

Desde o ano 2003, dirixe asemade coa saxofonista Chus Ferreira, nacida en Catoira, a escola de música “CODA” radicada en Vilagarcía de Arousa.

Actualmente continúa a súa formación musical na especialidade de canto lírico coa soprano Aida López no Conservatorio Profesional de música da devandita cidade.

O seu último proxecto consiste nunha orixinal proposta que poñerá música a poemas da literatura galega xunto con Teo Cardalda de “Cómplices” que está creando a instrumentación do álbum que se gravará nun curto espazo de tempo en Madrid.



► **Verbena: Orquestras AZAIRA e AMÉRICA**

Horario: 22:00 h.

Lugar: Barrio San Roque

► **ACTUACIÓN DO GRUPO DE DANZAS “AMOR RUIBAL”, DE BARRO, EN ALBAROUSA**

Horario: 23:00 h.

Lugar: Praza da Peixería

► **Verbena: OS TAMARINDOS**

Horario: 23:00 h.

Lugar: Praza da Independencia

SABADO 16 DE AGOSTO

► **TRASLADO DE SAN ROQUE**

Horario: 11:45 h.

Lugar: Saída dende a igrexa parroquial de Santa Baia.

Info: Traslado da imaxe do santo ata a capela de San Roque ao son do pasadobre “Triunfo”

► **FESTA DA AUGA**

Horario: 12:00 h.

Lugar: Zona húmida

Info: Lectura do pregón da Festa da Auga diante da capela de San Roque e, de seguido, comezo da Festa da Auga.

► **PASACALLES**

Horario: 19:00 h.

Lugar: Rúas de Vilagarcía

Info: Grupos de gaiteros e de música tradicional, charangas e compañías de animación de rúa.

► **PPROCESION DE SAN ROQUE**

Horario: 20:00 h.

Lugar: Saída dende a capela de San Roque co percorrido de costume.

► **ENTREGA DE PREMIOS DE ALBAROUSA**

Horario: 20:30 h.

Lugar: Praza da Peixería

Info: Entregas das Medallas de ouro, prata e bronce aos tres viños mellor clasificados nas categorías “Adegas de carácter industrial”, “Adegas artesanais” e “Barrica de madeira”.

► **ACTUACIÓN DO “GRUPO DE GAITA E BAILE DA ASOCIACIÓN CULTURAL A NOSA SEÑORA DA XUNQUEIRA”, EN ALBAROUSA**

Horario: 22:30 h.

Lugar: Praza da Peixería

► **Concerto: MARTA QUINTANA**

Horario: 23:00 h.

Lugar: Escenario Alameda

Prezo: Entrada gratuíta

Info: Marta Quintana estudou no Conservatorio Histórico de Santiago de Compostela. Foi membro do Orfeón Terra Nosa e de Camerata ad Libitum. Tamén foi compoñente do dúo Sete Saias, co que chegou a actuar no festival de Ortigueira. Formouse con Rodrigo Romaní na Aula de Arpa do Departamento de Música Tradicional e Folk da EMAO de Vigo.

No seu concerto de Vilagarcía presenta o seu novo proxecto como cantante, instrumentista, compositora e arranxista. Un proxecto que segue baseándose na música tradicional pero con aires renovados. Coa arpa e a voz como elementos primordiais pero experimentando con novos instrumentos, ritmos e melodías.



DOMINGO 17 DE AGOSTO

► **FESTA DA AMEIXA DE CARRIL**

Lugar: Alameda do Carril

12:00 h. Nomeamento de novos **Cabaleiros e Damas da Orde da Ameixa do Carril**.

13:00 h. Lectura do **pregón**

13:30 h. **Apertura dos stands de degustación** de ameixas (ata as 16:00 h.)

20:00 h. **Entrega de premios** do Concurso de pratos preapardos con ameixas.

20:00 h. **Apertura dos stands de degustación** de ameixas (ata as 23:00 h.)

► **TRAVESÍA A NADO DO PORTO DE VILAGARCÍA**

Horario: 12:00

Lugar: Porto de Vilagarcía.

Info: Actividade coorganizada pola Fundación de Deportes e o Club Natación Vilagarcía. Está incluída dentro do Campionato Galego de Longa Distancia.

Datas de inscrición: do 1 ao 14 de agosto.

► **PASACALLES**

Horario: 19:00 h.

Lugar: Rúas de Vilagarcía

Info: Grupos de gaiteros e de música tradicional, charangas e compañías de animación de rúa.

► **DESFILÉ DE SAN ROQUE**

Horario: 20:00 h.

Lugar: Saída dende a Alameda (Paseo Elpidio Villaverde).

Percorrido: Alameda, Avenida da Mariña, Colón, Praza Constitución, Rey Daviña, Praza Galicia, Conde Vellellano e Avenida da Mariña.

Info: Desfile de carrozas acompañadas por grupos musicais, charangas e grupos de animación de rúa.

► **Concerto: CÓMPLICES + GRAMOLA**

Horario: 23:00 h.

Lugar: Escenario Alameda

Prezo: Entrada gratuíta



Info:

CÓMPLICES: Tras a disolución de Golpes Bajos, Teo Cardalda decide en 1987 formar Cómplices xunto á súa parella María Monsonis e os reputados músicos Tino DiGeraldo e Billy Villegas. O seu primeiro álbum leva por título *Manzanas* (1988). Dende entón sucedéronse cinco discos máis e unha morea de éxitos que situaron a Cómplices no top da música pop española. En 1995 a parella decide tomarse un respiro e viaxar á India. Catro anos despois retoman a súa traxectoria discográfica con *Cousas de Meigas* (1999) e *Cómplices* (2000), dous discos nos que Teo e María percorren sons, aires, sentires, da terra galega e tamén da experiencia na India. En 2001, María decide deixar o grupo para dedicarse aos 5 fillos que ten con Teo. Así que en 2002 Teo, xa en solitario, edita o noveno disco titulado "A veces". En 2003, outra vez con María, realizan o seu segundo disco en vivo, que titulan "Grandes éxitos en directo", no que contan coa colaboración de Presuntos Implicados e de Antonio Vega entre outros. O seu máis recente traballo lanzouse en 2006 baixo o título de "Hello mundo cruel", de novo con María na formación.

GRAMOLA: Dúo formado polos vilagarcíans Lorena Pérez (voz) e Juanma Vicente (guitarra). Tralo seu paso por diversas formacións hai tres anos iniciaron a aventura de presentarse en solitario cun repertorio baseado fundamentalmente en clásicos da música das tres últimas décadas. Dende Police a Calamaro, dende os Creedence ata Norah Jones, extraídos en sinxela pero efectiva esencia.

► **Verbena: ORQUESTRA TORNADO**

Horario: 23:00 h.

Lugar: Carril (Praza da Liberdade)

LUNS 18 DE AGOSTO

► **O CLUB DOS SUPERROQUIÑOS**

Horario: De 10:30 a 13:30 h.

Lugar: Parque Miguel Hernández

► **DE QUE COR CHE PINTA O DÍA?**

Horario: De 10:30 a 13:30 h.


Lugar: Parque Miguel Hernández

► **PASACALLES**

Horario: 19:00 h.

Lugar: Rúas de Vilagarcía

Info: Grupos de gaiteros e de música tradicional, charangas e compañías de animación de rúa.



► **Concerto: ODAIKO PERCUSSION GROUP**

Horario: 23:00 h.

Lugar: Escenario Alameda

Prezo: Entrada gratuita

Info: Odaiko Percussion Group toma o seu nome do odaiko, unha variante moi voluminosa do tambor tradicional xaponés, o taiko. Cos seus até 1,2 metros de diámetro e 1,5 de profundidade, un odaiko chega a requirir a participación de tres persoas para ser tocado.

Os integrantes de Odaiko Percussion Group importaron desde Oriente un contedor de barco con decenas destes tambores tradicionais para conformar a medula espinal do seu actual espectáculo, "Okho". Unha proposta integramente percusiva onde a música contemporánea fusiúnase co jazz, o flamenco, a tradición da India ou os cantos tribais que acompañan os djembés de Senegal. Unha viaxe exploratorio polas tradicións percusivas globais unificadas nun show que conxuga ademais unha boa dose teatral, proxeccións audiovisuais, un chisco de humor e unha coidada posta en escena.

Deste xeito, Odaiko reinventa a fórmula do concerto clásico, no cal se pactan as pausas e aplausos, para dar lugar á improvisación fluída e a bidireccionalidade cómplice co público. Odaiko convida así a descubrir como a percusión, a máis grande familia de instrumentos, pode axuntar ritmo e melodía transportando ao oínte por unha viaxe ao redor do mundo a través da ampla gama de cores e olores, sabores e timbres que a percusión posúe.

Os membros que compoñen Odaiko son Ton Risco, Juan Collazo, Roberto Oliveira, Antonio Ocampo. Todos eles teñen unha amplísima formación como percusionistas de música clásica e tocan ou tocaron en importantes Orquestras Sinfónicas de diferentes países.

► **Verbena: ORQUESTRA MONUMENTAL**

Horario: 23:00 h.

Lugar: Praza Xoán XXIII

MARTES 19 DE AGOSTO

► **O CLUB DOS SUPERROQUIÑOS**

Horario: De 10:30 a 13:30 h.

Lugar: Parque Miguel Hernández

► **DE QUE COR CHE PINTA O DÍA?**

Horario: De 10:30 a 13:30 h.

Lugar: Parque Miguel Hernández

► **PASACALLES**

Horario: 19:00 h.

Lugar: Rúas de Vilagarcía

Info: Grupos de gaiteros e de música tradicional, charangas e compañías de animación de rúa.

► **PROXECTA 08**

Horario: 22:30 h.

Lugar: Escenario Alameda

Prezo: Entrada gratuíta

Info: Coincidindo coa celebración do Día Mundial de la Fotografía, 14 fotógrafos profesionais de España e Portugal realizarán unha serie de proxeccións dos seus traballo ao aire libre e con apoio musical.

► **Concerto: PEREZA + MOONJACKETS**

Horario: 23:00 h.

Lugar: Recinto Exterior Fexdega

Prezo: 6 euros (anticipada); 10 euros (taquilla)

Entradas á venda en www.caixanova.es, a través do tfno 902 504 500, ou en Discos Froiz (Vilagarcía)

Info:

PEREZA: En 1999 Pereza xuntáronse coa sa intención de facer versións de Leño. Ruben (guitarra e voz) viña de gastar adoite co fugaz grupo Boas Noites Rose, en tanto que Leiva (baixo e voz) facíao con Malahierva. A conta de curtirse o coiro no circuíto de garitos, foron nacendo os primeiros temas propios, que evidenciaban unha débeda clara cos glamorosos setenta, encabezados por Marc Bolan e os

Stones, sen esquecer referencias autóctonas como Burning e Tequila, asimilados todos eles nunha vea claramente pop, que xamais desprezaba un bo riff.

Un cazatalentos de RCA viunos en directo e de inmediato depositou neles a súa confianza, atisbando un enorme filón comercial e unha atraente e sólida imaxe. A banda ficha para a multinacional e edita o seu primeiro disco “Pereza” (2001).

Tralo segundo disco, “Algo para cantar” (2003), a prensa comeza a falar moi seriamente deles como “os novos Tequila”, “os novos Ronaldos”, etc. No seu haber contan xa co irrefutable feito de rebentar todas as pequenas salas da península. As paixóns están a piques de desatarse...

O salto cualitativo chega con “Animais” (2005), traballo producido por Nigel Walker, que acerta na diana do desexado polo grupo e convérteles na nova promesa do rock cool en castelán. Así soan rabiosamente eléctricos sen deixar de namorar, vándalos e conquistadores, coidadosamente pop e saudablemente canallas. O single “Princesas”, sitúaos no mapa dos triunfadores da radio fórmula comercial.

O seu seguinte disco, que comeza sendo unha mera diversión entre amigos, termina converténdose nunha enorme xogada comercial. “Os amigos dos animais” (06) é un *party* privado onde Rubén e Leiva chaman a outros compañeiros para que canten nalgúns dos temas aparecidos nos seus tres primeiros discos. Por unha banda están os colegas de xeración: Amaral, Pastora, Deluxe, Sidonie, Iván Ferreiro e Quique González, e por outro, apelando ao seu corazón de fans, recorren aos seus admirados maiores: Enrique Bumbury, Carlos Tarque, Burning, Christina Rossenvigne, Coque Malla e Ariel Rot; sen esquecer a achega flamenquista dos Delinquentes e Alba Molina. Industria, crítica e público réndense aos seus encantos: nos XI Premios da Música 2007 son os gañadores do premio ao mellor álbum de pop.

Para mediados do 2007 Pereza xa ten listo o seu novo disco, “Aproximacións”, cuxa sedosidade failles, por unha ocasión, soar máis beattlemanos que stonianos. O álbum certifica o seu continuo crecemento como compositores e como grupo de rock. Xa ninguén os compara con outros que non sexan eles mesmos, e constátase o triunfo das súas letras sinxelas, cockteles de esmorgas e desamores, as súas melodías impagables e o seu pegañento groove. Para o directo a banda refórmase: a partir de agora Ruben e Leiva cantarán e tocarán as guitarras, e o resto da formación complétase con Rober (batería), Luismi (percusión), Pop (teclados) e Manuel Mejías (baixo).

MOONJACKETS: Trío vilagarcían con claras evocacións ao rock dos setenta e dos oitenta no seu repertorio: O grupo estaá formado por Aitor (guitarra e voz), Miguel (baixo) e Carlos Pedrosa (batería)

► **Verbena: ORQUESTRA ACHÉ**

Horario: 23:00 h.

Lugar: Alameda

MERCORES 20 DE AGOSTO

► **O CLUB DOS SUPERROQUIÑOS**

Horario: De 10:30 a 13:30 h.

Lugar: Parque Miguel Hernández

► **DE QUE COR CHE PINTA O DÍA?**

Horario: De 10:30 a 13:30 h.

Lugar: Parque Miguel Hernández

► **PASACALLES**

Horario: 19:00 h.

Lugar: Rúas de Vilagarcía

Info: Grupos de gaiteiros e de música tradicional, charangas e compañías de animación de rúa.

► **Concerto:
LOS SUAVES
+ ARDEGÁN**


Horario: 23:00 h.

Lugar: Recinto Exterior
Fexdega

Prezo: Entrada libre

Info:

LOS SUAVES: Intentar resumir nestas liñas a traxectoria musical de Los Suaves serían tan absurdo como innecesario. É, sen dúbida, a banda de rock máis importante xurdida de Galicia en todos os tempos, e que acadou unha lexión de fieis máis numerosa. Algúns dos seus éxitos ("Peligrosa María", "Dolores se llamaba Lola", "Siempre igual", "Maldita sea mi



suerte”, etc, etc.) son auténticos himnos e a imaxe do “gato de Los Suaves” converteuse nunha icona do rock nacional.

A banda naceu a finais dos anos 70 en Ourense, formada polos irmáns Yosi e Charly Domínguez (voz e baixo, respectivamente). Tiveron a súa primeira gran oportunidade en 1981, cando telonearon aos Ramones na Coruña, con tal éxito que conseguiron asinar coa discográfica independente galega Edigal, coa que saen as súas dous primeiros discos, o titulado “Esta vida me va a matar” (1982), e “Frankenstein” (1984). Na súa traxectoria hai outros 15 traballos discográficos máis, entre discos novos, recopilatorios e grabacións en directo.

En febreiro de 2007 anunciaron que a dese ano sería a última xira coa actual formación da banda, a pesar do cal nestas festas de San Roque aínda teremos a oportunidade de gozar unha vez máis dun concerto de Los Suaves. Será o derradeiro?

► **Verbena: ORQUESTRA AMÉRICA**

Horario: 23:00 h.

Lugar: Alameda

XOVES 21 DE AGOSTO

► **O CLUB DOS SUPERROQUIÑOS**

Horario: De 10:30 a 13:30 h.

Lugar: Parque Miguel Hernández

► **DE QUE COR CHE PINTA O DÍA?**

Horario: De 10:30 a 13:30 h.

Lugar: Parque Miguel Hernández

► **PASACALLES**

Horario: 19:00 h.

Lugar: Rúas de Vilagarcía

Info: Grupos de gaiteros e de música tradicional, charangas e compañías de animación de rúa.

► **Concerto: SON DE SEU**

Horario: 23:00 h.

Lugar: Recinto Exterior Fexdega

Prezo: Entrada libre

Info: **SonDeSeu** nace dunha experiencia musical e didáctica realizada no Conservatorio de Música Tradicional da Escola de Artes de. Alumnos e profesores formaron a primeira orquestra folc de Galicia. Un total de 35 músicos, dirixidos por Rodrigo Romaní, que recrean repertorio tradicional e de nova composición dende un espírito aberto, un timbre fundamentalmente acústico, instrumentos construídos na súa maioría no propio país por artesáns mesmo pertencentes á propia orquestra e arranxos contemporáneos na liña do xa clásico folc galego producidos en exclusiva para a formación polos profesores das aulas do conservatorio, todos eles con longa traxectoria no estilo.

A coidada presenza escénica constitúe de por si un espectáculo orixinal e vistoso. O son, potente e cheo de enerxía, transmite ó público mensaxes de ledicia e harmonía, como xa o puxeron a proba nos concertos que veñen dando en Galicia.

SonDeSeu foi a revelación do Festival de Ortigueira na súa 25 edición. Agora presentan o seu espectáculo por primeira vez en Vilagarcía.

► **Verbena: ORQUESTRA STRADIVARIUS**

Horario: 23:00 h.

Lugar: Alameda

VENRES 22 DE AGOSTO

► **MERCADO DE ÉPOCA**

Lugar: Praza da Peixería

Info: Cunha perfecta ambientación de época habilitaranse diversos postos de venda de artesanía, gastronomía, teas, etc..., podéndose contemplar o traballo en directo de orfebres e artesáns. Ademais ao longo de cada xornada terán lugar representacións teatrais e y espectáculos musicais.

► **O CLUB DOS SUPERROQUIÑOS**

Horario: De 10:30 a 13:30 h.

Lugar: Parque Miguel Hernández

► **DE QUE COR CHE PINTA O DÍA?**

Horario: De 10:30 a 13:30 h.

Lugar: Parque Miguel Hernández

► **V TORNEO DE FUT-VOLEA**

Horario: 17:00 h.

Lugar: Praia Compostela

Prezo: Gratuíto.

Info: Categoría A: nados 1995-1992. Categoría B: nados 1994 e anteriores.

Actividade na que é necesaria a realización da inscrición previa. Os equipos poden estar compostos de dous ou tres xogadores.

► **PASACALLES**

Horario: 19:00 h.

Lugar: Rúas de Vilagarcía

Info: Grupos de gaiteiros e de música tradicional, charangas e compañías de animación de rúa.



► **Concerto: PABLO MILANÉS**

Horario: 23:00 h.

Lugar: Recinto Exterior Fexdega

Prezo: Entrada libre

Info: Pablo Milanés, naceu en Bayamo, Cuba, o 24 de febreiro de 1943. Está considerado como un dos fundadores da Nova Trova Cubana, xunto con Silvio Rodríguez e Noel Nicola.

Publicou o seu primeiro disco ("Versos sencillos de José Martí") en 1973. Dende entón son incontables as súas referencias discográficas. Só ou en compañía de artistas como o propio Silvio Rodríguez, Joaquín Sabina, Ana Belén, Joan Manuel Serrat, Víctor Manuel ou Ismael Serrano, por citar só algúns.

De entre as súas moitas cancións, son especialmente famosas: Yolanda, Yo no te pido, Amo a esta isla, El breve espacio en que no estás, Cuánto gané, cuánto perdí, ou Para vivir.

Despois de máis de catro décadas de traballo, en mayo de 2008 apareceu no mercado, "Más allá de todo" disco compartido con Chucho Valdés. E en xullo deste mesmo publicou o que ata o de agora é o seu último traballo discográfico en solitario titulado "Regalo", con arranxos e produción do propio autor, e no que inclúe dez temas que recrean diferentes estilos musicais.

► **Verbena: ORQUESTRA ISMAEL**

Horario: 23:00 h.

Lugar: Alameda

SABADO 23 DE AGOSTO

► **MERCADO DE ÉPOCA**

Lugar: Praza da Peixería

Info: Cunha perfecta ambientación de época habilitaranse diversos postos de venda de artesanía, gastronomía, teas, etc..., podéndose contemplar o traballo en directo de orfebres e artesáns. Ademais ao longo de cada xornada terán lugar representacións teatrais e y espectáculos musicais.

► **XLI REGATA SAN ROQUE DE CLASE SNIPE**

Lugar: Peirao de Pasaxeiros

Info: Organiza Real Club de Regatas Galicia

► **V TORNEO DE FUT-VOLEA**

Horario: 17:00 h.

Lugar: Praia Compostela

Prezo: Gratuito.

Info: Categoría A: nados 1995-1992. Categoría B: nados 1994 e anteriores.

Actividade na que é necesaria a realización da inscrición previa. Os equipos poden estar compostos de dous ou tres xogadores/as.

► **PASACALLES**

Horario: 19:00 h.

Lugar: Rúas de Vilagarcía

Info: Grupos de gaiteros e de música tradicional, charangas e compañías de animación de rúa.

► **TROFEO PANTERA DE FÚTBOL**

Horario: 19:30 h.

Lugar: Campo de fútbol municipal de Vilaxoán

Info: Torneo triangular de fútbol cos equipos Arosa S.C. , Celtiga e o San Martín C.F. Organiza San Martín C.F. Colabora Fundación de Deportes



► **COMBATE NAVAL**

Horario: 24:00 h.

Lugar: Praias da Concha e Compostela

► **Verbena: ORQUESTRA NOVA MODA**

Horario: 00:30 h.

Lugar: Praza da Estación

► **Concerto: 7-70 & BANDA DE MÚSICA DE VILAGARCÍA**

Horario: 01:00 h.

Lugar: Escenario Alameda

Prezo: Entrada libre

Info: O máis veterano dos grupos de rock de Vilagarcía e a Banda Municipal de Música unidos nun proxecto excepcional, nun espectáculo único: un concerto que na súa meirande parte estará centrado en cancións do repertorio de Pink Floyd.

DOMINGO 24 DE AGOSTO

► **MERCADO DE ÉPOCA**

Lugar: Praza da Peixería

Info: Cunha perfecta ambientación de época habilitaranse diversos postos de venda de artesanía, gastronomía, teas, etc..., podéndose contemplar o traballo en directo de orfebres e artesáns. Ademais ao longo de cada xornada terán lugar representacións teatrais e y espectáculos musicais.

► **XLI REGATA SAN ROQUE DE CLASE SNIPE**

Lugar: Peirao de Pasaxeiros

Info: Organiza Real Club de Regatas Galicia

► **CINE NA RÚA: PRADOLONGO**

Horario: 22:30 h.

Lugar: Alameda

Prezo: Entrada gratuita

Info: Con máis de 45.000 espectadores nas salas de cine *Pradolongo* converteuse xa na película galega máis vista de todos os tempos. *Pradolongo* é un filme sobre a perda da amizade. É a historia de tres amigos da infancia que ven deteriorarse a súa amizade na medida en que os intereses de clase e os sentimentos amorosos entran nas súas vidas.

Raquel, Martiño e Armando son tres amigos que acaban de cumprir a súa maioría de idade. O verán preséntase como todos os demais, con festas, tardes no río..., pero esta vez nada vai ser igual. O amor que os dous rapaces comezan a sentir por Raquel e a posible venda, á louseira do pai de Armando, de Pradolongo, un prado de alta montaña pertencente á familia de Martiño, obrigaraos a reconsiderar os seus soños e os vínculos que os mantiveron unidos desde a infancia.

